



O documento é un **mapa corocromático** que representa o **risco de desertificación en España**. *A fonte é o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Natural e Mariño do Goberno de España.*

A **desertificación** é consecuencia da **acción combinada dos elementos naturais e antrópicos sobre a paisaxe natural**, e comporta a “conversión en deserto de amplas zonas de terras fértiles”, ou sexa, a mingua de produtividade asociada ao deterioro ambiental da paisaxe natural.

As zonas susceptíbeis de sufrir risco de desertificación son as áreas áridas, semiáridas e subhúmidas secas, é dicir, aquelas áreas nas que a proporción entre a precipitación anual e a evapotranspiración potencial está por debaixo de 0,65 (ou sexa, que **a evapotranspiración potencial é superior a 1,5 veces o valor da precipitación total**). A evapotranspiración potencial (ETP) é a cantidade de auga devolta á atmosfera en estado de vapor de auga por un solo que teña a superficie completamente cuberta de vexetación.

O mapa amosa as **áreas con risco de desertificación da España peninsular e insular**. As de risco máis alto (en vermello) localízanse no **litoral mediterráneo**, en áreas da **submeseta Sur** e nas **illas orientais canarias**, máis próximas a África.

A desertificación é causada por unha erosión extrema do solo. Este é un fenómeno natural, que en grande parte do territorio se ve acentuado por factores físicos, como as fortes pendentes, a aridez e a torrencialidade das precipitacións. O proceso natural vese tamén intensificado por certas

accións humanas, entre as que cabe destacar a deforestación e algunhas prácticas agrarias non axeitadas (sobrepastoreo en pastizais pobres, abuso de produtos químicos que alteran a estrutura do solo,..).

Na rexión mediterránea e nas illas orientais canarias, **a desertificación está especialmente asociada aos seguintes procesos:**

- a existencia dun **clima semiárido** en moitas zonas, **con secas estacionais, extrema variabilidade das choivas e precipitacións torrenciais de grande intensidade;**
- a presenza de **solos pobres**, con forte tendencia á erosión;
- un relevo con **vertentes abruptas de fortes pendentes**, ademáis de paisaxes moi diversas;
- a perda de cuberta vexetal por mor dos repetidos **incendios forestais;**
- a **crise da agricultura tradicional**, co conseguinte abandono de terras e deterioro do solo;
- a **sobreexplotación dos acuíferos subterráneos**, que tamén están contaminados quimicamente e sofren **risco de salinización;**
- a **concentración da actividade económica nas áreas costeiras**, co resultado do **crecemento das urbes**, das **actividades industriais**, do **turismo** e da **agricultura de regadío**, fenómenos que exercen unha **intensa presión sobre os recursos do litoral.**

Aínda que apenas un 6% do territorio español se atopa desertificado, case un tercio del está en risco moi alto ou alto.

Fronte a este problema promóvense a reforestación, a xestión sustentábel das actividades agrarias e os recursos hídricos e a rehabilitación das áreas nas que ten avanzado xa a desertificación. Estas actuacións lévanse a cabo dentro do marco dos compromisos suscritos coas Nacións Unidas (Convención da Loita contra a Desertificación, 1966), que deron lugar ao Proxecto LUCDEME (Loita contra a Desertificación no Mediterráneo) e o **[Plan de Acción Nacional contra a Desertización \(PAND\)](#)**.

Fontes:

-http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/desertificacion-restauracion-forestal/lucha-contra-la-desertificacion/lch_espana.aspx
-<https://geohistoriaymas.wordpress.com/2011/05/04/ejercicio-practico-resuelto-mapa-riesgo-desertificacion/>